

REGULAMENTO de SÉMATA

Aprobado en Xunta de Facultade o 12 de febreiro de 2019

A revista *Semata* é unha publicación interdisciplinaria de periodicidade anual que publica traballos orixinais de investigación sobre calquera das especialidades relativas ao campo das Humanidades e das Ciencias Sociais.

DIRECCIÓN

A dirección da revista SEMATA recaerá nun profesor/a doutor/a da Facultade de Xeografía e Historia da USC con situación contractual indefinida. A duración do cargo será de 4 anos, non renovable consecutivamente. É desexable que a Dirección e a Secretaría a formen profesores/as de departamentos distintos.

Método de elección

A dirección será elixida pola Xunta de Facultade previa presentación de candidaturas. No caso de que non se presenten candidaturas, a designación será potestativa do equipo decanal.

Funcións da Dirección

- Representar a revista diante das institucións e autoridades académicas.
- Dirixir a política editorial da revista xunto co Consello de Redacción.
- Presidir as reunións do Consello de Redacción e fixar a data e a orde do día das reunións.
- Designar a secretaría da revista.

SECRETARÍA

A persoa encargada será nomeada pola dirección da revista e terá que ser profesor/a doutor/a, cunha situación contractual ben indefinida ou ben declaradamente consolidable (Axudantes doutores e Ramón y Cajal) na Facultade de Xeografía e Historia da USC e por todo o tempo de duración do encargo.

Funcións da Secretaría

- Levantar actas das reunións dos Consellos de Redacción.
- Custodiar o arquivo e correspondencia da revista de xeito electrónico e manual.
- Proporcionar ao Decanato unha copia da documentación para aumentar a seguridade do arquivo de *Semata*.

CONSELLO DE REDACCIÓN

Composición

O Consello de Redacción estará integrado por quince membros: seis dos Departamentos da Facultade (dous do Departamento de Xeografía, dous do Departamento de Historia da Arte e dous do Departamento de Historia) e 9 membros externos (profesorado doutor alleo á USC). A dirección e a secretaría da revista non se contabilizan neste cómputo.

Poderá ser membro do Consello de Redacción de *Sémata* calquera profesor/a da Facultade de Xeografía e Historia da USC que teña unha situación contractual ben indefinida ou ben declaradamente consolidable (Axudantes doutores e Ramón y Cajal) na Facultade de Xeografía e Historia da USC e por todo o tempo de duración do encargo.

Método de elección e duración dos cargos

Os membros pertencentes á Facultade serán propostos polos Departamentos respectivos e o período de duración do cargo será de catro anos.

No caso dos membros externos, estes serán propostos polos Departamentos da Facultade (tres por cada un deles) por períodos (renovables) de catro anos.

Os membros do Consello de Redacción deberán exercer un papel activo en relación coas funcións atribuídas.

Funcións do Consello de Redacción

- Celebrar como mínimo unha reunión ao ano.
- Coordinar anualmente cada unha das seccións da revista (a excepción do *dossier*) de modo rotatorio.
- Orientar a política editorial da revista xunto coa dirección.
- Solicitar propostas de coordinación de futuros dossier.
- Aprobar as propostas de coordinación dos *dossier*.
- Supervisar a execución dos números.
- Decidir, en caso de discrepancias nos informes de avaliación de orixinais, a oportunidade da súa publicación.
- Colaborar regularmente na avaliación de artigos e na recomendación de avaliadores para os mesmos.
- Revocar os membros do Consello Asesor no caso de que se considere que non exercen un papel activo en relación coas funcións atribuídas.

CONSELLO ASESOR

Composición

O Consello Asesor estará integrado por quince expertos de recoñecido prestixio no ámbito das Humanidades e das Ciencias Sociais. Establécese unha composición de dez estranxeiros e cinco españois.

Método de elección

Os membros do Consello Asesor serán propostos polos departamentos da Facultade de maneira proporcional (cinco por cada un deles).

Funcións do Consello Asesor

- Asesorar a dirección e o Consello de Redacción no deseño da política editorial da revista.
- Colaborar anualmente na avaliación de artigos ou na recomendación de avaliadores para os mesmos
- Contribuír á difusión da revista a nivel nacional e internacional.

COORDINACIÓN

- Estará facultado para coordinar o dossier todo aquel profesorado doutor de universidade, nacional ou estranxeira.
- Non poderá haber máis de dous coordinadores/as por *dossier*.

Proposta e elección da coordinación

- O Comité de Redacción aprobará cada ano (preferentemente no mes de marzo), entre as propostas recibidas, a temática e a coordinación do *dossier* do número seguinte.

Funcións da coordinación

- Garantir a periodicidade da publicación, que deberá editarse antes do 30 de abril de cada ano.
- Garantir que o *dossier* se adapte aos criterios de calidade de *Sémata*.
- Xestionar a avaliación de orixinais.
- Elaborar o listado de revisores, a partir dos xa existentes da revista e daqueles outros que estime necesarios.
- Notificar á Dirección da revista o listado definitivo de avaliadores para a súa aprobación.